



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN FORESTAL

Esta Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias inherentes á política forestal, polo que desenvolve medidas en materia de planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Para o exercicio destas competencias conta coa Subdirección Xeral de Recursos Forestais, que exerce as funcións relativas á conservación e fomento dos recursos forestais, á sustentabilidade da xestión forestal e a xestión pública de montes, á regulación e ordenación dos aproveitamentos forestais, á relación coas comunidades propietarias de montes veciñais en man común, cos propietarios particulares e xestores forestais, ao fomento de fórmulas de agrupación e asociacionismo de propietarios/as forestais, ao sistema rexistral forestal de Galicia, ás accións tendentes á mellora e conservación da saúde e vitalidade dos bosques, e da súa resiliencia e resistencia ao cambio climático, a mellora da produción forestal mediante a silvicultura activa, a planificación e ordenación forestal, e a elaboración de informes sectoriais e o seguimento do Plan forestal de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.





O Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Con base nisto, a antiga Dirección xeral de Ordenación Forestal asinou o 3 de xullo de 2017 un Acordo de colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade de sistemas de información de xestión forestal cuxa vixencia remata o 31 de decembro de 2019.

O 11 de decembro de 2018 (DOG Núm.235) entrou en vigor O Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Polo que, para os efectos sinalados, e xa no eido da Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal, tense previsto formalizar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o momento no que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2021.

O acordo de colaboración ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal, e a Amtega para o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información que permitan o apoio no desenvolvemento das competencias encamiñadas á planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Con carácter non limitativo, o desenvolvemento e mantemento evolutivo, explotación e soporte, abrangue os sistemas de información seguintes:

1. Ecosistema de instrumentos de xestión e tramitación de redacción dos instrumentos de ordenación forestal (XORFOR) e sistemas conexos (ORDFOR), e seguimento dos plans especiais (PE).





2. Ecosistema de xestión de solicitudes de cortas de madeira en terreos forestais de xestión privada (CORWEB, CORPRI) e xestión dos aproveitamentos de talas de monte de xestión pública (CORPUB)
3. Sistema de xestión dos reinvestimentos obtidos a partir da xestión dos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal (REIMON)
4. Ferramentas de apoio ao sistema rexistral forestal de Galicia (REXMON, RESFOR, MATFOR, RMO...)
5. Inventario catastral de actividade forestal
6. Sistema de xestión para o rexistro, seguimento e análise da información relativa a pragas, enfermidades e danos nas masas forestais - saúde e vitalidade forestal (SAVFOR)
7. Ferramentas transversais de apoio na xestión englobadas no proxecto XESFOR (COCCEL, CONMON, FEAMON, TRAMON, MANMON, MONUSR...)
8. Outros proxectos que podan englobarse no obxecto deste acordo e determinados polos representantes designados polas partes asinantes para o seguimento das actuacións

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A colaboración ou cooperación coa Amtega consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro.





Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do acordo para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste acordo, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
(Asinado dixitalmente)

José Luis Chan Rodríguez

